BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
VENRES, 21 DE MARZO DE 2025 N.º 066
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

*Anuncio*

ACORDO do 25 de febreiro do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Quiroga. (Expediente 2023-374-ATE)

Con data 29 de outubro do 2024 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación LMTA SEQ805 entre os apoios nº 81-40-b-1 e nº 81-40-b-30.*

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 6 de setembro do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 10 de setembro do 2024, para que comparezan o día **29 de abril do 2025 no concello de Quiroga** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Asi mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirlle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 25 de febreiro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

| Nº | Titular Proposto | Pol. | Parc. | Paraxe | Cultivo | Data Actas | Hora |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Montes de la Herrería de Soldón C.B | 67 | 158 | Tras da Serra | Monte baixo | 29.04.2025 | 10.00 h |
| 3 (1) | Descoñecido | 67 | 19 | Caborcas | Monte alto | | 11.15 h |
| 3 (2) | Descoñecido | 67 | 18 | Travesa | Monte alto | | 11.15 h |

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | Hdros de Luis Rodríguez Soto y Hnos | 67 | 16 | Camborcas | Monte alto | | 10.45 h |
| 9 | Montes de la Herrería de Soldón C.B | 67 | 302 | Cambos | Monte alto | | 10.00 h |
| 10 | Montes de la Herrería de Soldón C.B | 91 | 320 | Tras da Serra | Monte alto | | 10.00 h |
| 11 | Montes de la Herrería de Soldón C.B | 91 | 322 | Navaínza | Monte alto | | 10.00 h |
| 12 | Montes de la Herrrería de Soldón C.B | 67 | 301 | A Fraga | Monte alto | | 10.00 h |

R. 0700

*Anuncio*

ACORDO do 7 de marzo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Baleira. (Exp.: IN 407A 2024/53-ATE)

Con data 30 de outubro do 2024 o Departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación LMTA CRG811 no tramo entre os apoios núms. 63-47 e núms. 63-69.*

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Baleira deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso de 3 de setembro do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 30 de agosto do 2024, para que comparezan o día **14 de maio do 2025 no Concello de Baleira** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Baleira estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podendo acompañarse dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Asi mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirlle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 7 de marzo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Regulamentación LMTA CRG811 no tramo entre os apoios núms. 63-47 e núms. 63-69

| Nº finca | Pol. | Parcela | Paraxe | Cultivo | Titular | Data Actas | Hora |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 58 | 320 | Seara | Monte Alto | Hrdos de Antonio López Pin | 14.05.25 | 10.00 h |

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

R. 0709

# CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

*Anuncio*

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: RESTITUCIÓN DA ESTRADA LU-651 ENTRE OS PP.KK. 17+650 E 18+470

Termo municipal: FOLGOSO DO COUREL

Clave: LU/22/071.02.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 26 de marzo de 2025

Lugo, 13 de marzo de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

**INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras do "RESTITUCIÓN DA ESTRADA LU-651 ENTRE OS PP.KK.17+650 E 18+470" para Pagos de Depósitos Previos**

**CLAVE LU/22/071.02.1**

| PROPIETARIO | | PREDIOS |
|---|---|---|
| | EN INVESTIGACION | 39 |
| RU EN EL MUNICIPIO | LUGO 27001 | |
| ------------------------------------------------------------------------ | | |
| | CUPIRI PADESA | 4 |
| PQ FOLGOSO DO COUREL (STA.M) Ndup-7 | FOLGOSO DO COUREL 27325 | |
| ------------------------------------------------------------------------ | | |
| | EN INVESTIGACION | 9, 19, 23, 28, 29, 33, 34 |
| RU EN EL MUNICIPIO | LUGO 27001 | |
| ------------------------------------------------------------------------ | | |
| | MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE FOLGOSO | 2 |
| LG FOLGOSO FOLGOSO DE CAUREL | FOLGOSO DO COUREL 27325 | |
| ------------------------------------------------------------------------ | | |
| | PIZARRAS DE LA CAMPA SLU | 7 |
| LG LA MEDUA Pl:BJ CARBALLEDA | CARBALLEDA 32335 | |
| ------------------------------------------------------------------------ | | |
| | PIZARRAS UTRANSA | 8 |
| GARCIA FRAGA | MARIA | |
| LÓPEZ TOUZÓN | MARÍA DORIGEN | |
| MACIA ARZA | AMELIA | |
| MACIA ARZA | DAVID (HROS DE) | |
| MACIA ARZA | MARIA DOLORES (HROS DE) | |
| MACIA ARZA | ORLANDO | |
| RODRIGUEZ RIO | JESUS | |
| RODRIGUEZ RIO | JOSE RAMON | |
| TOUZON TOUZON | ANTONIO (HROS DE) | |
| TOUZON TOUZON | DOLORES | |
| TOUZON TOUZON | JOSE (HROS DE) | |
| TOUZON TOUZON | MANUEL (HROS DE) | |
| TOUZON VISUÑA | SILVINA (HROS DE) | |
| PQ FOLGOSO DO COUREL (STA.M) Ndup-7 | FOLGOSO DO COUREL 27325 | |
| ------------------------------------------------------------------------ | | |
| GARCIA MILAN | ENCARNACION | 26 |
| ARZA GONZALEZ | ANA MARTA | |
| ARZA GONZALEZ | DANIEL | |
| ARZA MENDEZ | DANIEL (HROS DE) | |

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

ARZA MENDEZ URBANO
GONZALEZ SUAZO MANUELA

CL GUILLEM COLLTELLER 9 Es:1 Pl:01 Pt:A2 GIRONA17007

---

GARCIA MILAN ENCARNACION 30
ARZA GONZALEZ ANA MARTA
ARZA GONZALEZ DANIEL
ARZA MENDEZ DANIEL (HROS DE)
ARZA MENDEZ URBANO

CL GUILLEM COLLTELLER 9 Es:1 Pl:01 Pt:A2 GIRONA 17007

---

LOPEZ GONZALEZ JOSE LUIS 17, 32
LOPEZ GONZALEZ MARIA ARGENTINA

LG SANTA EUFEMIA PQ FOLGOSO 27 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

LOPEZ RIVAS JOSE MANUEL 13
LOPEZ RIVAS ARTURO

LG FOLGOSO - PQ FOLGOSO 2 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

LÓPEZ TOUZÓN MARÍA DORIGEN 15
EN INVESTIGACION
LOPEZ GONZALEZ JOSE LUIS
LOPEZ GONZALEZ MARIA ARGENTINA
QUIROGA QUIROGA MARIA MONTSERRAT (HROS DE)
RIO BARREIRO CARMEN
RODRIGUEZ ALVAREZ CAROLINA
RODRIGUEZ ALVAREZ EVA MARIA
RODRIGUEZ GONZALEZ ALBINO (HROS DE)
RODRIGUEZ GONZALEZ CARMEN
RODRIGUEZ GONZALEZ PURA
RODRIGUEZ LOPEZ DOSITEO
RODRÍGUEZ VISUÑA ISABEL
VISUÑA ARZA JOSÉ
VISUÑA GONZALEZ JOSE (HROS DE)

LG. SANTA EUFEMIA, Nº 9 FOLGOSO DO COUREL 27327

---

MACIA ARZA ORLANDO 10

LG SANTA EUFEMIA PQ FOLGOSO Ndup-7 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

MONTE VEC MANO COMÚN DE SANTA EUFEMIA 3

LG. SANTA EUFEMIA FOLGOSO DO COUREL 27325

---

QUIROGA LOPEZ MARIA CONCEPCION 16, 18, 20

CL SESEÑA 39 Es:1 Pl:02 Pt:B MADRID 28024

---

QUIROGA QUIROGA JOSE 14
QUIROGA QUIROGA CLARA

CL SESEÑA 34 Es:1 Pl:07 Pt:B MADRID 28024

---

RIO BARREIRO CARMEN 37

LG SANTA EUFEMIA FOLGOSO DO COUREL 27325

---

RODRIGUEZ RIO JESUS 5
RODRIGUEZ RIO JOSE RAMON

CL MERIDIANA 44 Es:D Pl:07 Pt:2 BARCELONA 8018

---

RODRIGUEZ VISUÑA SARA 25
RODRÍGUEZ VISUÑA ISABEL

LG SANTA EUFEMIA PQ FOLGOSO 2 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| RODRIGUEZ VISUÑA | SARA | 27 |
| RODRIGUEZ VISUÑA | ISABEL | |

LG SANTA EUFEMIA PQ FOLGOSO 2 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

| | | |
|---|---|---|
| SANCHEZ LOPEZ | FELICITAS | 6 |

LG SANTA EUFEMIA PQ FOLGOSO 19 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

| | | |
|---|---|---|
| SANCHEZ SANCHEZ | LAURIO | 11 |
| SANCHEZ SANCHEZ | SERVANDO | |

LG SANTA EUFEMIA 19 FOLGOSO DO COUREL 27327

---

| | | |
|---|---|---|
| TOUZON ARZA | JOSE | 22 |
| TOUZON ARZA | CLAUDIO | |
| TOUZON ARZA | EMILIA (HROS DE) | |
| TOUZON ARZA | FRANCISCO | |
| TOUZON ARZA | MARIA DEL CARMEN | |

LG FOLGOSO - PQ FOLGOSO 75 FOLGOSO DO COUREL 27325

---

| | | |
|---|---|---|
| TOUZON TOUZON | DOLORES | 21 |
| CASTIÑEIRA ARZA | INES (HROS DE) | |
| CASTIÑEIRA ARZA | JOSE (HROS DE) | |
| LOPEZ LOPEZ | MANUEL | |
| LOPEZ RIVAS | ARTURO | |
| LOPEZ RIVAS | JOSE MANUEL | |
| LOPEZ RIVAS | MARIA ANGELES | |
| LOPEZ RIVAS | MARIA NIEVES | |
| LOPEZ TOUZON | JOSE NILO (HROS DE) | |
| LOPEZ TOUZON | SARA | |
| LÓPEZ TOUZÓN | MARÍA DORIGEN | |
| QUIROGA QUIROGA | JOSE | |
| RAMOS SANCHEZ | HELIODORO (HROS DE) | |
| RODRIGUEZ ALVAREZ | CAROLINA | |
| RODRIGUEZ ALVAREZ | EVA MARIA | |
| RODRIGUEZ GONZALEZ | ALBINO (HROS DE) | |
| RODRIGUEZ GONZALEZ | CARMEN | |
| RODRIGUEZ GONZALEZ | PURA | |
| RODRIGUEZ LOPEZ | DOSITEO | |
| TOUZON ARZA | JOSE | |
| TOUZON REGUEIRO | CLAUDIO (HROS DE) | |
| TOUZON REGUEIRO | EMILIA (HROS DE) | |
| TOUZON REGUEIRO | JOSE | |
| TOUZON TOUZON | ANTONIO (HROS DE) | |
| TOUZON TOUZON | JOSE (HROS DE) | |
| TOUZON TOUZON | MANUEL (HROS DE) | |

LG SANTA EUFEMIA PQ FOLGOSO 7 (7) FOLGOSO DO COUREL 27325

---

| | | |
|---|---|---|
| TOUZON TOUZON | JOSE (HROS DE) | 12, 38 |

LG SANTA EUFEMIA 7 FOLGOSO COUR FOLGOSO DO COUREL 27325

---

| | | |
|---|---|---|
| TOUZON VEIGA | VICENTE | 36 |

CL EREA 33 Pl:B ARIÑIZ/ARIÑEZ VITORIA-GASTEIZ 1195

R. 0701

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

# CONCELLOS

## BEGONTE

*Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns anuais, cuadrimestrais e do mes de marzo de 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2024/2025, por un importe total de 5.633,26€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 14 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0710

---

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de marzo 2025,correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas e polo programa tardes no cole do curso 2024/2025, por un importe total de 1585 € e 120€ respectivamente.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de marzo de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0711

---

## COSPEITO

*Anuncio*

Nomeamento proceso selectivo correspondente a praza de peón de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluída na Oferta de emprego pública de 2022

**RESOLUCIÓN ALCALDÍA**

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO), EN USO DAS ATRIBUCIÓNS LEGALMENTE CONFERIDAS

Vista a Resolución de Alcaldía 2025-0162 de 11 de marzo de 2025 na que se resolve

(…)

***RESOLVO***:

***PRIMEIRO:*** *Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación do seguinte candidato, como persoal laboral fixo :*

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

***- PRAZAS Nº3 PEÓN:***

| *Nome e apelidos* | *DNI* |
|---|---|
| *ROBERTO BLANCO DIAZ* | *33*****1Q* |

***TERCEIRO.****- Notificar ao aspirante proposto esta Resolución coa súa obriga de achegar os documentos que figuran na base novena das bases xerais no prazo de veinte días hábiles a contar dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma deducirase que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, e non poderá ser contratado como persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación, tal e como figura en dita base.*

***CUARTO.****- Proceder á súa publicación no BOP na sede electrónica, páxina web municipal e no taboleiro de anuncios*

(...)

Visto que a base 9.1 das bases xerais dos procesos sinala que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web do concello, os aspirantes propostos achegarán a documentación requerida.

Vista a publicación no BOP, núm. 60 de 14 de marzo de 2025, na sede electrónica e na web do Concello.

Visto que os candidato proposto para a contratación como persoal laboral para o posto de péon presentou dentro de prazo a documentación requerida na citada Resolución e nas bases.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.**- Realizar o nomeamento como persoal laboral fixo para o posto de Peón, a favor do seguinte:

| *Nome e apelidos* | *DNI* |
|---|---|
| *ROBERTO BLANCO DIAZ* | *33*****1Q* |

**SEGUNDO.**- A súa contratación efectuarase no prazo máximo dun mes, contado dende a data de notificación da resolución, conforme a base 10 das bases xerais dos procesos.

**TERCEIRO.**- Tramitar as incidencias de alta e baixa derivadas deste expediente ante a Seguridade Social.

**CUARTO.**- Notificar a presente Resolución ós interesados, e publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Cospeito.

**QUINTO.**- Dar conta da presente resolución ó seguinte Pleno ordinario que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito; do que eu, como Secretaria, dou fé.

Cospeito, 17 de marzo de 2025.- O Alcalde-presidente, don Armando Castosa Alvariño. A Secretaria Xeral, dona Ana María Rubiera Álvarez.

R. 0722

---

## FOLGOSO DO COUREL

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de marzo de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de febreiro de 2025.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 14 de marzo de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 0712

## OUROL

### *Anuncio*

Publicación da sentenza firme estimatoria nº 00777/2024, do cinco de decembro do TSX de Galicia ditada no procedemento ordinario 0015223/2023 do recurso contencioso-administrativo interposto por RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA S.A.U.

Faise saber que no recurso contencioso administrativo no procedemento ordinario 0015223/2023 promovido por RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA S.A.U. contra a Ordenanza fiscal do concello de Ourol, reguladora da "taxa polo aproveitamento especial do dominio público local polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos", publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 291, do vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres, ditouse polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta, Sentenza nº 00777/2024, o cinco de decembro, que alcanzou o carácter de firme e cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

"T.S.X. GALICIA CON/AD SEC 4

A CORUÑA

SENTENCIA: 00777/2024

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Coruña

Sala do contencioso-administrativo

Sección Cuarta

Procedemento ordinario: 0015223/2023

SENTENCIA

ILMOS MAGISTRADOS:

JUAN SELLÉS FERREIRO (Presidente)

FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA

MARÍA DEL CARMEN NÚÑEZ FIAÑO

En A Coruña a cinco de diciembre de dos mil veinticuatro

En el recurso contencioso-administrativo número PO 15223/2023 interpuesto por RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA SAU, representada por la procuradora Dña. Amalia Mosquera Herrero, bajo la dirección letrada de D. Manuel Enrique Vicente-Tutor Rodríguez, contra el acuerdo del Concello de Ourol, por el que se eleva a defintivo el inicial plenario que aprueba la Ordenanza Fiscal (OF) reguladora de la "tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de la energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos" publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, (BOP), número 291, de 22 de decembro de 2022.

Es parte la Administración demandada CONCELLO DE OUROL (LUGO), representada por el letrado de la Diputación Provincial.

(...)

FALLO:

Por todo lo expuesto, en nombre del Rey y por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido:

1.- Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil "Red Eléctrica de España, S.A.U." contra el acuerdo del Concello de Ourol, por el que se eleva a definitivo el inicial plenario que aprueba la Ordenanza Fiscal reguladora de la "tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de la energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos", publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo (BOP), número 291 de 22.12.2022, la cual anulamos por ser contraria a Derecho.

2.- No hacer especial pronunciamiento en cuanto a las costas procesales.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

Notifíquese la presente sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra ella puede interponerse recurso de casación ante la Sala Tercera del Tribunal Supremo. Dicho recurso habrá de prepararse ante la Sala de instancia en el plazo de treinta días, contados desde el siguiente al de la notificación de la resolución que se recurre, en escrito en el que, dando cumplimiento a los requisitos del artículo 89 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, se tome en consideración lo dispuesto en el punto III del Acuerdo de la Sala de Gobierno del Tribunal Supremo de fecha 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima y otras condiciones extrínsecas de los escritos procesales referidos al recurso de casación (BOE del 6 de julio de 2016).

Así se acuerda y firma."

O que en cumprimento do disposto no artigo 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administratico (LJCA), faise público para xeral coñecemento.

Ourol, 17 de marzo de 2025.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0713

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

*Anuncio*

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 13 de marzo de 2025, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº1/CE/2025, modificación orzamentaria nº4/2025, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de marzo de 2025.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0714

---

## RIBADEO

*Anuncio*

**BASES QUE REXERÁN A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE RIBADEO PARA POSTOS DE TRABALLO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES.**

**1.- Obxecto da convocatoria.-**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para postos de Operarios de servizos múltiples no servizo municipal de Medio Ambiente, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables nos sectores que se consideran prioritarios e que afectan ao funcionamiento dos servizos públicos esenciales municipais **como pode ser o de recollida de lixo, recollida de enseres vellos, limpeza viaria, roce de cunetas, axudas en xardiñería, atención aos albergues, limpeza de praias e aseos das mesmas,etc.**mediante a contratación laboral temporal prevista nos supostos do artigo 15 do Estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución naqueles casos en que sexa necesario e/ou urxente a cobertura destes postos pola concorrencia dangunha das seguintes causas:

* Situacións de incapacidade temporal do titular do posto

* Vacacións.

* Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.

* Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo.

* Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación para atención do servizo.

**2.- Normativa aplicable.-**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- RDL 5/2015, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 25 de abril do emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña á Lei 2/2015 de 25 de abril do emprego de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Adminstrativo Común das AA.PP.
- Bases xerais para contratación laboral temporal neste Concello (BOP de 20/05/2021)
- Real Decreto Lei 32/2021 de 28 de decemro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**3.- Funcións.-**

As funcións serán as recollidas na vixente Relación de postos de Traballo - RPT municipal - para estes postos sinalándose xenéricamente a execución de traballos manuais e/ou mecánicos tales como **labores de roza de maleza, xardinería, limpeza viaria e de mobiliario urbano, limpeza en zonas verdes, recollida de lixo, limpeza de praias, limpeza de baños e aseos nas praias do municipio, apoio ao servizo de obras e infraestruturas, apoio aos servizos de cultura, de turismo, etc.** así como calquera outra función propia da categoría, baixo a superior dirección dos responsables municipais do servizo correspondenete.

**4.- Publicidade.-**

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo, sede electrónica da páxina web.do Concello www.ribadeo.gal easí como no BOP de Lugo.

**5.- Requisitos dos/as aspirantes.-**

Poderán participar na Bolsa de Emprego os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

**a) Xerais:**

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

**b) Específicos**:

Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudios primarios ou calquera titulación equivalente ou superior.

Deberán estar igualmente en posesión do carnet de conducir da clase B1.

**c) Dereitos de Exame**:

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos, epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €,** debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

**6.- Presentación de instancias.**

Os/as interesados/as en participar e formar parte desta Bolsa de Emprego presentarán instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello **no prazo de DEZ (10) días naturais,** contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal www.ribadeo. gal/sede electrónica.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP. As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Fotocopia compulsada do carnet de conducir.
- Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais exixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)
- Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.
- Os/As aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

**7.- Admisión de aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na **sede electrónica** páx. web do concello www.ribadeo.gal

Na publicación farase constar, apelidos e nome aportación ou non do CELGA e se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as **quedará elevada automáticamente a definitiva**.

No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

**8.- Organo de selección.-**

**Presidente**: Titular: Un funcionario ou empregado laboral que terá a categoría como mínimo do subgrupo C2 ou empregado laboral fixo de similar categoría e o seu suplente.

**Vogais:** Titulares: Tres funcionarios ou empregados laboráis coa categoría como mínimo do Subgrupo C2 ou empregados laborais de carácter fixo de similar categoría e os seus suplentes.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

<u>**Secretario con voz e sen voto:**</u> Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablón de anuncios do Concello e web municipal /sede electrónica aos efectos legais oportunos.

**9.- Sistema de selección.**

O sistema de selección será: Concurso-oposición.

Realizarase en primeiro lugar a fase de oposición e posteriomente a fase de concurso de méritos.

<u>**FASE DE OPOSICIÓN.**</u>

<u>**1.- PROBA PRÁCTICA:**</u>

Este exercicio será tamén **obrigatorio e eliminatorio**.

Consistirá na a realización dunha proba coas ferramentas e/ou materiais que teñan relación coas tarefas a desempeñar no posto de traballo e que se porán á disposición dos aspirantes.

Será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio indicándose asimesmo a duración máxima que non excederá de 20 minutos.

Este exercicio cualificarase polo tribunal atendendo aos coñecementos, destreza e disposición de cada aspirante, sendo a nota de 0 a 10 puntos.

Serán eliminados aqueles que non acaden unha puntuación mínima de 5,00 puntos.

* O Organo de selección poderá desenvolver e especificar os criterios de valoración e cualificación dos exercicios debendo facelos públicos con antelación á celebración dos mesmos para coñecemento dos aspirantes.

<u>**2. Proba teórica escrita:**</u>

Consistirá nun exercicio tipo test de **20 preguntas** que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada a continuación).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio **é obrigatorio e eliminatorio**. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha.

**As respostas en branco non descontarán.**

<u>**A) Parte Xeral:**</u>

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadroamento. O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese. Praias do municipio.

<u>**B) Parte específica:**</u>

Tema 5.- Materiais, útiles e ferramentas de utilización habitual no servizo de xardiñería/

Tema 6.- Descrición e modo de emprego da maquinaria utilizada no servizo de limpeza/

Tema 7.- Materiais, útiles e ferramentas de utilización habitual no servizo de roce de maleza.

Tema 8.- Prevención de accidentes laborais: Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores.

Tema 9.- Seguridade na utilización de maquinaria e ferramentas no posto de traballo.

Tema 10.- Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

3.- EXERCICIO DE IDIOMA GALEGO.

De carácter **obrigatorio e eliminatorio**.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou mais.

* **Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou superior.**

FASE DE CONCURSO:

**Baremo de Méritos.**

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.1) Polo tempo de prestación de servizos **como operario nunha administración local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma,** a razón de 0,10 puntos por mes completo.

1.2) Polo tempo de prestación de servizos c**omo operario nunha administración pública distinta da local ou organismos** ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,05 puntos por mes completo.

**A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente, non valorándose outro tipo de documentación que se poida aportar.**

**b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración:

Cursos de 100 ou mais horas........................ 0,50 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas.............................. 0,20 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.............................. 0,10 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.............................. 0,05 puntos.

**Non se valorarán outros cursiños que non se ateñan ao epígrafe anterior ou aqueles nos que non figuren o número de horas.**

**10.- Resolución.**

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas nas dúas fases.

En caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na fase da proba práctica e se persistise o empate polo que obtivese maior puntuación na proba teórica.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Ribadeo ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de dous días (2) hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirase de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

Coa lista definitiva, o tribunal fará pública a relación de aspirantes que constituirá a Bolsa de Emprego, pola orde de puntuación obtida e elevará a proposta ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo para que resolva sobre a aprobación da Bolsa de Emprego creada.

A orde dos/as integrantes da Bolsa de emprego non será alterada, manténdose na mesma posición e con idéntica puntuación durante o período de vixencia da mesma.

**Esta Bolsa de Emprego terá unha vixencia de 3 anos dende a data da súa aprobación, prorrogable por outro ano máis salvo acordo expreso contrario do órgano competente., quedando anuladas todas as anteriores para este tipo de postos de traballo.**

**11.- Funcionamento da Bolsa de Emprego.**

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados na Base 1 sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigurosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

Cando sexa necesario proceder ao chamamento para cubrir a praza, ofertarase ao primeiro da lista, realizándose ata dúas chamadas telefónicas ao número de telefóno facilitado e que figure na instancia presentada, cun intervalo de media hora entre cada unha delas, para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. Se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao por e-mail, fax ou presentandoo persoalmente no rexistro municipal, no mesmo día.

Considerarase que renuncia ao posto ofertado se logo do contacto telefónico non se formula renuncia por escrito no referido prazo ou non comparece no Concello no prazo de 24 horas tras da notificación telefónica realizada dende o Concello.

Realizado ese trámite e ben por renuncia expresa ou por incomparecencia do chamado, formularase oferta ao seguinte da lista.

**Unha vez formalizado contrato con algún traballador terá preferencia o seguinte ao último contratado pola orde de puntuación da bolsa nas sucesivas contratacións, pasando o que remate o contrato a ocupar o último posto da lista e así sucesivamente.**

**Non obstante teranse en conta no chamamento as limitacións legalmente establecidas en canto á utilización da contratación laboral temporal nestas modalidades contractuais e en todo caso o límite máximo por contrato será de 6 meses.**

**Renuncias:**

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

Primeira renuncia: Un ano de exclusión da bolsa de emprego e imposibilidade de acceso ás ofertas desta.

Unha vez finalize este prazo de penalización producirase a reincorporación á Bolsa de Emprego situándose ao final da mesma.

Segunda renuncia: Baixa definitiva na bolsa de emprego e imposibilidade de incluirse de novo na mesma.

O anterior prazo computarase dende a data que se estableza na correpondente resolución de alcaldía que se estableza ao respecto.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da Bolsa de Emprego aqueles/as persoas que non acepten ou renuncien ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións.

- Se atopen traballando nese momento ou estén en situación de activo.
- Que acrediten situación de baixa médica.
- Que estén realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.
- Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuizo da entidade local.

O/a aspirante seleccionado/a, de xeito previo á sinatura do contrato deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- **Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.**

Quedará condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación.

**Igualmente, deberá ben de xeito previo á sinatura do contrato ou durante o período de probas, no seu caso, realizarse o recoñecemento médico a través dos servicios médicos de prevención do Concello de Ribadeo.**

**12.- Incidencias.**

O Tribunal cualificador estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

**13.- Impugnación.**

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

**ANEXO I**

**MODELO DE INSTANCIA**

**SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA BOLSA DE EMPREGO PARA PERSONAL LABORAL TEMPORAL.-**

D./Dª ..........................................................................................................................................

maior de idade, con DNI ............................................................ e con domicilio a efectos de notificacións na rúa ou lugar de .........................................................................................................................................

número de teléfono ......................................... e correo electrónico ...............................................................

<u>**EXPON**</u>

Que estando convocadas probas selectivas para a constitución dunha **Bolsa de Emprego** na categoría de **OPERARIOS DE SERVIZOS MULTIPLES** do Concello de Ribadeo,

<u>**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**</u>

1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.

2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

3.-Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

4.- Que non estou incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a vixente lexislación.

<u>**SOLICITA**</u>**:**

Que se teña por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para o acceso á Bolsa de emprego de referencia.

**Á presente solicitude acompáñase**: Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente, e os documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos requeridos.

Ribadeo, ........... de ....................................................... de 20.....

Asdo.: ...........................................................................................

<u>**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADEO.-**</u>

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

Ribadeo, 3 de marzo de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0715

*Anuncio*

O Concello de Ribadeo, ao amparo do disposto no artigo 37 da vixente Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e demáis normativa de aplicación en virtude de expediente que instrúe **ten intención de inscribir ao seu favor no Rexistro da Propiedade o inmoble que se describe na resolución da Alcaldia-Presidencia que de seguido se transcribe ditada no día de hoxe relativa á incorporación previa ao Inventario de Bens Municipais desta Entidade:**

**RESOLUCION DA ALCALDÍA DE PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE BENS E DEREITOS NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBADEO.-**

Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 278 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e artigos 17 e ss. do Real Decreto 1372/1986 aprobatorio do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Visto expediente que se tramita para inmatriculación de parcela sita na zona Avda.Rosalía de Castro (ao final da mesma) Crta.Faro,9.Poligono 1. Barreiras (Segúndo Catastro)

Visto o informe xurídico de Secretaría de data 14/03/2025 que obra no expediente.

Esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demáis de pertinente aplicación,

**RESOLVE:**

1º. **Propoñer a inclusión no Inventario Municipal de Bens deste Concello de Ribadeo**, previa tramitación do expediente procedente con información pública para alegacións por aquelas persoas que se consideren con algún dereito, dos bens e dereitos seguintes:

Urbano. Solo sen edificar.

Referencia catastral: 85311405PJ5283S0001YG

Clase: urbano. Superficie gráfica parcela segundo certirficación catastral descritiva e gráfica: 1.351,00 m2

Natureza do ben: Patrimonial.

Titular catastral: Concello de Ribadeo.P2705100B

Titular rexistral: No Rexistro da Propiedade de Ribadeo non consta inscrición algunha.

2º A expedición de certificación acreditativa desta proposta de inscripción no inventario municipal de Bens da Corporación, procedéndose de conformidade co disposto no artigo 279 da vixente Lei de Administración Local de Galicia.

**A tal fín faise público o presente edicto para que calquera persoa que se considere con algún dereito sobre este ben inmoble que se pretende inscribir formule, no prazo de 30 días, as alegacions ou reclamacións que considere procedentes.**

As mesmas poderán presentarse, no seu caso, no Concello de Ribadeo sito na Praza de España, 1. 27700 Ribadeo (Lugo), durante o referido prazo e/ou por calquera medio admitido en dereito conforme ao disposto na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Ribadeo, 17 de marzo de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0723

## RIBEIRA DE PIQUÍN

*Anuncio*

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 13 de marzo, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha albanel e un/unha canteiro/a, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa Reforzo do Emprego 2025, do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 13 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0724

## O SAVIÑAO

*Anuncio*

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 3 bimestre do exercicio 2023, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 14 de marzo do 2025.

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 01 de abril e o 20 de maio de 2025, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviñao, 14 de marzo de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0716

## VIVEIRO

*Anuncio*

EDICTO

Con data 13 de marzo do 2025, por Resolución de Alcaldia, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

**Tributo Exercicio Importe**

Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) ......2025 .............695.103,24.- €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza** :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

1. O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 02 de abril de 2025 ata o 02 de xuño de 2025, ambos inclusive.
2. Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten estabrecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 22 de abril de 2025 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas das entidades antes indicadas.
3. Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 14 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 0717

---

## FUNDACIÓN TERREO

*Anuncio*

Mediante Resolución de Presidencia de data 18 de marzo de 2025, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de dous/dúas (2) peóns agrícolas, como persoal temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Presidente, presentaranse no Rexistro Xeral da Fundación TerrEo, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comezando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 18 de marzo de 2025.- O Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0725

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 4

*Anuncio*

**Procedimiento:** PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015223 /2023 /

**Sobre** HACIENDA MUNICIPAL Y PROVINCIAL

**De D/ña**. RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU

**Abogado:** MANUEL ENRIQUE DE VICENTE-TUTOR RODRIGUEZ

**Procurador:** AMALIA MOSQUERA HERRERO

**Contra D/ña.** CONCELLO DE OUROL (LUGO)

**Abogado:** LETRADO DIPUTACION PROVINCIAL

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)

**EDICTO**

En este órgano judicial se tramita PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015223 /2023 seguido a instancias de RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU contra CONCELLO DE OUROL (LUGO) sobre ORDENANZA FISCAL TASA APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PUBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGIA ELECTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS, BOP 22-12-22Nº 291, en los que, por resolución de fecha 7 de marzo de 2025 se ha acordado de conformidad con lo dispuesto en el art. 107.1 LJCA, la publicación del fallo de Sentencia firme estimatoria 777/24, de fecha 5-12-24 dictada por el TSJ de Galicia Sala de lo Contencioso- Administrativo, Sección 4ª en el PO 15223/23, a fin de dar publicidad de su contenido, siendo del tenor literal siguiente:

**"FALLO**

Por todo lo expuesto, en nombre del Rey, por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido:

1. Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil "Red Eléctrica de España, S.A.U" contra el acuerdo del Concello de Ourol, por el que se eleva a definitivo el inicial plenario que aprueba la Ordenanza Fiscal reguladora de la "tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de la energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos", publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo (BOP), número 291 de 22.12.2022, la cual anulamos por ser contraria a Derecho.

2. No hacer especial pronunciamiento en cuanto a las costas procesales.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra ella puede interponerse recurso de casación ante la Sala Tercera del Tribunal Supremo. Dicho recurso habrá de prepararse ante la Sala de instancia en el plazo de treinta días, contados desde el siguiente al de la notificación de la resolución que se recurre, en escrito en el que, dando cumplimiento a los requisitos del artículo 89 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa , se tome en consideración lo dispuesto en el punto III del Acuerdo de la Sala de Gobierno del Tribunal Supremo de fecha 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima y otras condiciones extrínsecas de los escritos procesales referidos al recurso de casación (B.O.E. del 6 de julio de 2016).

Así se acuerda y firma".

A Coruña, siete de marzo de dos mil veinticinco.- EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA, María del Pilar Cancela Ramírez de Arellano.

R. 0718

---

# NOTARÍA

*Anuncio*

**<u>LA APROBACIÓN Y PROTOCOLIZACIÓN DE LAS OPERACIONES PARTICIONALES DE LA HERENCIA DE DOÑA ANTONIA SANJUAN GÓMEZ, A LOS EFECTOS DE SU NOTIFICACIÓN A LOS INTERESADOS NO COMPARECIENTES DON ANTONIO Y DON JOSÉ-LUIS GARCÍA SANJUAN O SUS CAUSAHABIENTES (de ambos).</u>**

**EDICTO.-DON ENRIQUE-SANTIAGO RAJOY FEIJOO**, Notario del Ilustre Colegio de Galicia, con residencia en A Coruña, con despacho en la calle Cantón Grande, número 5, 2º Derecha, **HAGO CONSTAR:** En virtud de escritura autorizada por mí, el día siete de marzo de dos mil veinticinco, número 373 de protocolo, se instrumentó LA APROBACIÓN Y PROTOCOLIZACIÓN DE LAS OPERACIONES PARTICIONALES DE LA HERENCIA DE DOÑA ANTONIA SANJUAN GÓMEZ, fallecida en A Coruña, el día 20 de febrero de 1.996, teniendo su último domicilio en Viveiro (Lugo); Partición que fue promovida e iniciada (mediante acta autorizada por mí, el día 25 de noviembre de 2.022, número 2.458 de protocolo), por sus herederos representantes de una cuota de más de la mitad de su haber partible, y aprobada por los partícipes representantes de tres cuartas partes del mismo, Don Juan-Manuel y Don Mario García Sanjuan, y Doña Sandra y Don Mauricio García Pereira; todo ello de conformidad con el procedimiento previsto en los artículos 294 al 308, ambos incluidos, de la Ley 2/2006 de 14 de junio de Derecho Civil de Galicia.

De conformidad con el artículo 307 de dicha ley Gallega, se notifica a los interesados, en dicha herencia, no comparecientes, DON JOSÉ-LUIS Y DON ANTONIO GARCÍA SANJUAN, o a sus causahabientes, personal y nominativamente mediante este EDICTO, la citada protocolización.

A Coruña, siete de marzo de dos mil veinticinco.- Notario, Enrique-Santiago Rajoy Feijoo.

R. 0702

Anuncio publicado en: Num BOP 66 año 2025 (21/03/2025 08:00:00)